



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO

Lugar: casa do concello

Data: 14 de febreiro do 2017

Hora de comezo: 20.30 horas

Hora de remate: 22.30 horas

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín
Dona María del Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Dona Ana María Seijo Mosquera
Dona Ana Isabel Alonso Taboada
Don Jesús Sanjuás Mera
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Don Alejandro Bermúdez Devesa
Don Xabier Canabal Fernández
Dona María del Carmen Soutullo Carolo
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello e presidindo o alcalde don Manuel Fernández Munín, reúnen os concelleiros/as, que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria-interventora Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria do Pleno, que foi convocada cos requisitos legais esixibles.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aprobación do inventario de camiños**
- 3. Aprobación do Plan Deputación POS + 2017**
- 4. Recoñecemento extraxudicial de facturas**
- 5. Modificación da relación de postos de traballo**
- 6. Aprobación do orzamento 2017**
- 7. Dar conta do informe de morosidade ano 2016**

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior

Cos votos a favor de todos os presentes, apróbase a acta da sesión que tivo lugar o 11 de xaneiro do 2017

2.Aprobación do inventario de camiños

1/ No pleno do 11 de marzo de 2015, aprobouse o inventario municipal de bens, unicamente referido a bens inmoables, dereitos reais, vehículos e bens moables, quedando excluídos os camiños municipais.

2/ Por resolución de alcaldía, de data 16 de marzo 2015, acordouse adxudicar o contrato de servizos para a elaboración do inventario de camiños municipais, a empresa Estudio Técnico Gallego, S.A, por importe de 10.890,00 € (IVE incluído).

3/ No pleno da corporación, na sesión celebrada o 14 de setembro de 2016, aprobouse provisionalmente o inventario municipal de camiños, e expúxose ao público durante 30 días, durante os cales presentáronse 10 alegacións.

4/ Con data 27 de xaneiro 2017, o equipo redactor do inventario, emite o seguinte informe sobre as alegacións presentadas:

1.- Alegación presentada por D^a María Luz xxxxx, con número de rexistro 16/2195, de data de 6 de outubro de 2016.

Solicita a eliminación do camiño 10289, aportando como xustificación escrituras de propiedade e plano de concentración parcelaria.

Á vista da documentación presentada, infórmase favorablemente a alegación presentada, procedendo, polo tanto, a eliminación do camiño 10289, do inventario de camiños de Boqueixón.

2.- Alegación presentada por D. Victoriano xxxxx, con número de rexistro 16/2266, de data 17 de outubro de 2016.

Solicita a inclusión dun camiño, que enlaza os camiños 10933 e 10942, aportando a tal efecto, plano parcelario do camiño en cuestión.

Á vista da documentación presentada, infórmase favorablemente a alegación presentada, procedendo polo tanto, á inclusión do referido camiño ó inventario de camiños de Boqueixón.

3.- Alegación presentada por D. José Manuel xxxxx, con número de rexistro 16/2491, de data de 15 de novembro de 2016.

Solicita a inclusión de varios camiños na parroquia de Sergude:

- 1) Na aldea da Gándara, ramal que parte do camiño 1214
- 2) Na aldea de Pumares e Deseiro de Arriba, camiño entre os camiños 10399 e 10391
- 3) Na aldea de Pumares, camiño de acceso que conecta a finca 367-A co camiño 10430
- 4) Na aldea de Lamas, camiño que vai do 1183 ó antigo lavadoiro.

5) Na aldea da Igrexa, camiño que conecta a AC-960 co camiño 10317, por debaixo da ponte do AVE.

Á vista da documentación presentada infórmase o seguinte:

Con respecto á reclamación primeira, infórmase favorablemente, incorporando o camiño ó inventario, pero co trazado co que conta na realidade, lixeiramente diferente ó reflectido na reclamación presentada.

Con respecto á reclamación segunda, analizouse a traza do camiño proposta, e chegouse ás seguintes conclusións: o primeiro tramo do camiño, no extremo oeste, aparece reflectido nos planos de concentración parcelaria, en concreto dende a finca nº 116 ata a 118. Para comprobar a titularidade do segundo tramo, entre a finca 118, e o extremo leste do camiño, levouse a cabo traballo de campo e se analizaron os planos catastrais actual, e de 1990. No traballo de campo non se recoñeceu ningunha traza de camiño, e nos planos catastrais tampouco aparece reflectido. Tendo en conta esta cuestión, procede estimar parcialmente a alegación, recollendo no inventario tan so o primeiro tramo do camiño reclamado, en concreto o que vai das fincas 116 a 118 do plano de concentración parcelaria.

Con respecto á reclamación terceira, realizouse novo traballo de campo e analizáronse as cartografías dispoñibles: plano catastral de 1990, e plano catastral actual. No traballo de campo non se apreciou nin o máis mínimo indicio de camiño. Os planos de concentración parcelaria exclúen a zona, pola que supostamente atravesa o camiño, polo que non poden ser considerados á hora de recoñecer esta vía.

Nos planos catastrais, actual e de 1990, o referido camiño tampouco existe. Tendo en conta esta cuestión non procede estimar a alegación presentada neste punto concreto.

Con respecto á reclamación cuarta, infórmase favorablemente, incorporando o camiño que antigamente accedía ó lavadoiro.

Con respecto á reclamación quinta, infórmase favorablemente, incorporando o camiño que conecta a AC-960 co camiño 10317.

4.- Alegación presentada por D. Leandro M. xxxxx, con número de rexistro 16/2495, de data 15 de novembro de 2016.

Indica que no inventario se recolle o camiño 1164, que se atopa dentro do ámbito do SAUI-2, o planeamento do cal foi aprobado definitivamente con data de 27-03-2007. Solicita que se teña en consideración o indicado.

Ó respecto do indicado, compre informar que, independentemente da inclusión ou non do referido camiño dentro do ámbito do SAUI-2, non se pon en cuestión a titularidade pública do ben, o cal resulta ser o único obxectivo do inventario de camiños que se está a tramitar.

Non procede realizar modificación algunha no inventario, ó respecto desta alegación.

5.- Alegación presentada por D^a Teresa xxxxx, con número de rexistro 16/2503, de data de 15 de novembro de 2016.

Solicita a eliminación do camiño 10289, aportando como xustificación ficha catastral da propiedade.

Á vista da documentación presentada, infórmase favorablemente a alegación presentada, procedendo, polo tanto, a eliminación do camiño 10289, do inventario de camiños de Boqueixón.

6.- Alegación presentada por D. Manuel xxxxx, con número de rexistro 16/2509, de data de 15 de novembro de 2016.

Solicita a inclusión dun camiño que figura nos planos de concentración parcelaria de Ledesma, no lugar de Baiuca, iniciando o seu trazado na AC-960.

Á vista da documentación presentada infórmase favorablemente a alegación presentada, procedendo, polo tanto, á inclusión do referido camiño, ó inventario de camiños de Boqueixón.

7.- Alegación presentada por D^a Victoria xxxxx, con número de rexistro 16/2498, de data de 15 de novembro de 2016.

Solicita, entre varias cuestións, que nada teñen que ver co inventario, o recoñecemento dun camiño existente como público no lugar de Agra, parroquia de Loureda.

Á vista da documentación presentada, e analizados os planos de concentración parcelaria, infórmase parcialmente en sentido favorable, recoñecendo como público o treito de camiño recollido nos planos de concentración parcelaria, e que constitúe parte da entrada á eira existente.

8.- Alegación presentada por D^a Victoria xxxxx, con número de rexistro 16/2499, de data de 15 de novembro de 2016.

Solicita a inclusión dun camiño situado no lugar de Agra Maior, en Loureda.

Á vista da documentación presentada e, logo de comprobar os planos de concentración parcelaria, infórmase favorablemente a alegación, recollendo dentro do inventario o camiño de referencia.

9.- Alegación presentada por D^a Victoria xxxxx, con número de rexistro 16/2500, de data de 15 de novembro de 2016.

Solicita a inclusión dun camiño situado no lugar de Gandarón, en Loureda.

Á vista da documentación presentada e, logo de comprobar os planos de concentración parcelaria, infórmase favorablemente a alegación, recollendo dentro do inventario o camiño de referencia.

10.- Alegación presentada por D^a Victoria xxxxx, con número de rexistro 16/2501, de data de 15 de novembro de 2016.

Solicita a inclusión dun camiño situado no lugar de Outeiro, en Loureda.

Á vista da documentación presentada e, logo de comprobar os planos de concentración parcelaria, infórmase favorablemente a alegación, recollendo dentro do inventario o camiño de referencia.

A continuación o señor Canabal di o seguinte: “ao igual que fixemos no pleno do 14 de setembro de 2016, cando se aprobou inicialmente o inventario, imos absternos na votación posto que os motivos que alegabamos daquela para non votar a favor, non foron tidos en conta.

A contrario, temos máis elementos para non votar a favor, toda vez que as poucas alegacións que se presentaron a este inventario, foron, case que na súa totalidade, tidas en conta, elemento que nos permite sospeitar que haberá moitos elementos que aínda non están incluídos neste inventario.

Non temos pois datos suficientes para saber se o inventario de camiños está completo e inclúe todos os camiños municipais ou non, e aínda que si se fixo unha exposición pública polas distintas parroquias do concello, cousa que aprobamos, tamén é certo que

en ningún momento se nos convidou á elaboración do mesmo, obtendo sempre un documento máis ou menos pechado.

E isto dicímolo toda vez que no propio informe do inventario se di textualmente:

“A cuarta fase consistiu na saída gráfica dunha serie de planos para a súa consulta e corrección coa corporación municipal. Con concelleiros coñecedores das súas respectiva parroquias revisáronse os planos que saíron do volcado do traballo de campo e realizáronse as oportunas correccións. En varios casos foi necesaria a realización de comprobacións en campo. Estes traballos leváronse a cabo entre novembro e decembro de 2015. Paralelamente realizouse unha base de datos coa incorporación da codificación dos camiños e as súas características para a posterior explotación dos resultados”.

Os concelleiros de Veciñ@s, ou ben non formamos parte desta corporación, ou ben non somos coñecedores das nosas respectivas parroquias. Se insisten en manernos ao marxe, non se sorprendan nin do noso voto en contra nin da impugnación dos acordos plenarios, que levan sempre en solitario e segredos ata o último día.

Diciamos tamén neste pleno de Aprobación Inicial do Inventario de Setembro do pasado ano, que viamos unha eiva que consideramos importante, e que tampouco foi tida en conta. Tiña que ver coa valoración.

Pese a que se fai unha relación completa dos camiños por importancia, se establecen criterios de valoración dependendo dos materiais empregados e da extensión dos mesmos, e mesmo se establece un criterio de vida útil de 15 anos, á hora da súa valoración individual, non sabemos nada da súa amortización.

Á hora de amortizar os camiños (depreciación por estado) atopámonos un coeficiente de redución xeral (do 50%) para todos os camiños.

É dicir, para este inventario, o estado de conservación da Pista Aglomerada a Lestedo (realizada no pasado ano) é o mesmo que un camiño asfaltado hai 15 anos. Comprenderán que esta limitación é moi importante, tendo en conta que tampouco nos permite facer unhas priorizacións de obras, ao escoller criterios de urxencia no mantemento dos mesmos.

Propuxemos no seu día que se fixera unha valoración individualizada do coeficiente de redución por camiño (ben por data do último arranxo, se se coñece), ou ben estimándoo polo seu estado de conservación.

E se é verdade que se fixo ese traballo de campo, establecer distintos niveis de conservación non debera ser tan difícil.

É dicir, acabamos de facer un inventario que consideramos de grande interese e utilidade para o concello, mais ao chegar ao final deste, e por desidia, perdemos unha información que nos resulta fundamental, tal como é o estado de conservación. Non o entendemos, e non o partillamos.

E gustaríanos saber tamén quen foron os concelleiros da corporación mencionados no informe, para ter a quen poder facerlle as consecuentes recriminacións que atopemos individualizadamente no mesmo.”

En canto á pregunta do señor Canabal de quen foron os concelleiros que se indica no informe, o señor Sanjuás responde que, efectivamente, os camiños foron supervisados por concelleiros, entre os cales estivo el.

En canto á valoración, iso é unha cuestión técnica.

O señor Canabal di que, non se coñece a situación na que se atopaban e atopan os camiños, ao que responde o señor Sanjuás que el si o sabe, porque andei por eles.

Di o señor Canabal que se está aprobando un inventario que non está ben, e responde o señor Sanjuás que esa é a súa opinión.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e coa abstención de Veciñ@s de Boqueixón acórdase:

A.- Aceptar as seguintes alegacións:

1.-Presentada por dona María Luz xxxxx, e en consecuencia eliminar o camiño 10289 do inventario.

2.-Presentada por don Victoriano xxxxx, e incluír no inventario o camiño que enlaza os camiños 10933 e 10942.

3.-Presentada por don José Manuel xxxxx, referida a varios camiños na parroquia de Sergude tal como a continuación se indica:

- Na aldea da Gándara, ramal que parte do camiño 1214, incorpórase o camiño no inventario, pero co trazado co que conta na realizade, lixeiramente diferente ao reflexado na reclamación.

- Na aldea de Pumares e Deseiro de Arriba, camiño entre os camiños 10399 e 10391. **Neste caso acéptase parcialmente** a alegación presentada, recollendo no inventario, tan so o primeiro tramo do camiño reclamado, en concreto o que vai das fincas 116 a 118, do plano de concentración parcelaria.

- Na aldea de Lamas, camiño que vai do 1183 ao antigo lavadoiro, incorpórase no inventario o camiño que antigamente accedía ao lavadoiro.

- Na aldea da Igrexa, camiño que conecta a AC-960 co camiño 10317, por debaixo da ponte do AVE, incorpórase este camiño no inventario.

4.- Presentada por dona Teresa xxxxx, e eliminar o camiño 10289 do inventario.

5.- Presentada por don Manuel xxxxx, e incluír no inventario o camiño que figura nos planos de concentración parcelaria de Ledesma, en Baiuca, iniciando o seu trazado na AC-960.

6.- Presentada por dona Victoria xxxxx, e recoñecer como público un treito dun camiño no lugar de Agra en Loureda, que constitúe parte da entrada á eira existente, e incluílo no inventario.

7.- Presentada por dona Victoria xxxxx, e incluír no inventario un camiño situado no lugar de Agra Maior en Loureda.

8.- Presentada por dona Victoria xxxxx, e incluír no inventario un camiño situado no lugar de Gandarón, en Loureda.

9.- Presentada por dona Victoria xxxxx, e incluír no inventario un camiño situado no lugar de Outeiro, en Loureda.

B.- Rexeitar as seguintes alegacións:

1.- Presentada por don José Manuel xxxxx,

- Na aldea de Pumares, camiño de acceso que conecta a finca 367-A co camiño 10430. Rexeitase a alegación porque o referido camiño non existe.

2.- Presentada por don Leandro M. xxxxx, non se pon en cuestión a titularidade pública do camiño, polo que non procede realizar modificación algunha no inventario, ó respecto desta alegación.

C.- Aprobar definitivamente o inventario dos camiños municipais, cuxo valor ascende a 9.032.164,32 €, e de acordo cos seguintes datos resumo do inventario:

- A rede de camiños do concello de Boqueixón, ten unha lonxitude total de 468,5 Km.

- A rede de camiños municipais de primeira orde (os que comunican parroquias aos núcleos de relevancia), conta cunha lonxitude total de 43.4 Km. A lonxitude total das vías de segunda orde, ascende a 44 Km. A lonxitude total de vías de terceira orde, ascende a 88.4 Km. A lonxitude total de vías de cuarta orde, ascende a 292 Km.

- A lonxitude total de camiños asfaltados, ou con rego ascende a día de hoxe (27 de xaneiro, segundo informe do equipo redactor), a 229,6 Km. A lonxitude de camiños en formigón ascende a 0,8 Km; e a lonxitude de camiños en terra ou saburra, ascende a 238 Km.

3.Aprobación do Plan Deputación POS + 2017

Neste intre cando son ás 20.45 horas entra o concelleiro señor Santasmarinas.

Con data 2 de decembro de 2016, o Pleno da Deputación da Coruña aprobou as bases reguladoras do Plan Único de concellos POS+2017, na que asignan para este concello a cantidade de 668.106,25 euros. (BOP 29 de novembro 2016)

A novidade deste ano é que este importe total, se distribúe en 3 achegas atendendo á natureza do seu destino. Tendo en conta a situación económica deste concello, óptase por non solicitar ningún tipo de obra ou servizo utilizando o préstamo provincial 2017, para o que se nos concede 194.111,95 euros. Das cantidades da achega provincial 2017, vaise a destinar a cantidade total (293.425,04 euros) a obras e gastos correntes. E da achega 2016, o importe íntegro da axuda (180.569,26 euros) destinarase a obras.

Tamén se establece dentro deste plan, outra novidade que ven dada pola obrigatoriedade de solicitar Plan complementario, por un importe mínimo do 20% da suma dos tres tipos de achegas, o que suporía un total de 133.621,25 euros.

O prazo para a presentación da documentación, que será feito de xeito telemático, rematará o vindeiro día 24 de febreiro ás 14.00 horas, sendo obrigatoria a súa aprobación por parte do Pleno da corporación.

O señor Canabal di o seguinte: “imos xustificar creo que perfectamente o noso desacordo co “Plan Único” de concellos da deputación, en base aos argumentos que temos exposto neste Pleno nos últimos anos.

Antes de comezar coa exposición dos nosos argumentos, sinalar e informar a este pleno que o grupo de Veciñ@s ten elaborado unhas priorizacións de obras que foron rexistradas neste Concello no pasado ano. Concretamente priorizamos:

- O Aglomerado da Estrada que une Loureda con Lavacolla. No seu día temos criticado o rego feito, considerándoo un malgaste de recursos; e á vista está. É o único que queda recollido no Plan.
- Aglomerado pista Pico Sacro a Milleirós cos dous ramais da Aldea cara Castrelo.
- Comezar o Aglomerado de Ledesma a Codeso por Sucira e Donas.

Coido que son tres estradas municipais principais e vertebradoras do Concello, que merecerían ser tratadas con Aglomerado. Coido que os concelleiros desta corporación poden perfectamente coincidir con nós na importancia dos tres eixos. Sen negar tamén nós, que poden quedar fóra algún eixo central do Concello.

Partillamos a filosofía deste Plan Único da Deputación, é dicir, tenta con este plan recoller os distintos plans que a Deputación tiña cos Concellos e dar unha maior autonomía aos Concellos da Provincia. Textualmente nas bases dise que se pretende *“Dar resposta á situación e necesidades concretas de cada concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade mediante a ampliación e flexibilización do seu obxecto, que pasa a ser múltiple, facilitando tamén a planificación da actividade do concello”*. É dicir, un plan, que resume múltiples plans provinciais, e que deixa autonomía aos concellos para que elaboren os seus investimentos, prioricen os seus gastos...

Mais á vista da proposta que se nos fai (a que fai o Concello de Boqueixón, ou máis concretamente, o Alcalde), non vemos investimento, vemos tan só retais.

Se excluímos o Plan Complementario, a totalidade do plan (agás o último tramo de Loureda ao Aeroporto) é de Conservación e mantemento (que non é investimento novo), é dicir, son regos e rebacheos dun bo puñado de pistas municipais. Deixamos a relación:

CAMIÑO DE DESEIRO DE ARRIBA Á SUSANA	1.020,00	3,50	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO DE AC-960 A FRENTE ESCOLA DE SERGUDE	195,00	3,00	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO DA AC-960 AO AVE	275,00	3,00	REBACHEOS
			REGO E
INTERIORES EN PUMARES HACIA RAVIÑA E PERITO	125,00	3,00	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO DESEIRO DE ABAIXO A RUBIAL	750,00	4,00	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO DE MILLEIRÓS Á CHURRERA	185,00	3,00	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO DA PICOTIÑA A RUBIAL	870,00	4,00	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO DA PICOTA AO FRANCÉS	375,00	3,00	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO INTERIORES EN RUBIAL A CASA GÓMEZ	195,00	4,00	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO DE LEDESMA A CODESO	3.650,00	4,00	REBACHEOS
CAMIÑO DO PARDIÑEIRO AO CORRAL	400,00	3,00	REGO E

			REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO DO PUMARIÑO Á CAPELA DE POUSADA	400,00	3,50	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO DA AC-960 A CRUCE PALMEIRA DE OURAL	215,00	3,00	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO DA AC-960 A LAMPARTE E PIÑEIRO DE ABAIXO	740,00	3,50	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO DE RODIÑO PEQUENO A SENANDE	475,00	3,50	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO DE OUTEIRO Á IGREXA	140,00	4,50	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO DE OUTEIRO Á IGREXA	620,00	3,50	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO EN CANEDA	35,00	4,00	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO DE LAMPARTE A LOUREDA	520,00	4,00	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO EN AGRA	215,00	3,00	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO DE VARELA A CIMA DA ALDEA GASTRAR	230,00	3,00	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO DE PIÑEIRO DE ABAIXO A CASA DO FRANCÉS	135,00	3,00	REBACHEOS
			REGO E
INTERIORES EN MARAVEXÁS	90,00	3,00	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO INTERIOR NA PICHINA	120,00	3,00	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO CRUCE REBOREDO A MEDIO DA ALDEA	435,00	3,50	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO DE SECUNDINO A CAMPO DA FEIRA	335,00	3,00	REBACHEOS
			REGO E
CAMIÑO INTERIOR EN ARDESENDE	83,00	2,50	FORMIGÓN
			REGO E
PISTA AGLOMERADO CARA AEROPORTO	1.645,00	5,00	AGLOMERADO

Advertiamos isto o ano pasado, e seguimos insistindo cos mesmos argumentos:

O Plan POS, e tamén este ano o Plan Único de Concellos establece no seu artigo 2.3. Financiamento de obras ou Subministracións que “O importe mínimo década obra é de 30.000,00 € (IVE incluído) e o de cada subministración é de 18.000,00 € (IVE incluído)... Lémbrese que non se admiten as denominacións xenéricas, debendo ser identificados con precisión e claridade, sen lugar a dúbidas, os investimentos que se integran no Plan”.

Poden explicar que integridade ten calquera dos proxectos presentados cos subproxectos que ao fin se fan?

Por outro lado, excluindo o Plan Complementario e a obra de Loureda a Lavacolla, todos estes proxectos deberan recollerse orzamentariamente no artigo 21 “Reparacións, mantemento e conservación”, e non no capítulo 6. Non son polo tanto investimento, senón gasto corrente.

Por último, tamén dicir que non existen en Boqueixón outras prioridades que non sexan os regados nas pistas municipais. É dicir, nen investimentos deportivos, nin culturais, nin sociais... Todo se nos escapa para pagar o alumado e para arranxar os fochancas.

É verdade que no Plan Complementario se deseñan dúas obras que si son importantes, e que si poden ser consideradas investimento:

OBRAS	L	A	CARACTERÍSTICAS
CAMIÑO CAMPO DE FÚTBOL DE LESTEDO A ENLACE			
CAMIÑO AGLOMERADO	1.156,00	5,00	AGLOMERADO
CAMIÑO CRUCE DE VIGO A MELÓN DE ABAIXO	969,00	4,50	AGLOMERADO
	2.125,00		

Mais tendo en conta a realidade do Plan Complementario, este, como o seu nome indica é complementario tendo unha natureza de reserva. Non podemos confirmar de antemán que estes proxectos se implementen, podendo perfectamente agardar nos caixóns da alcaldía ata unha mellor ocasión, porque de seguro que para o ano atoparán outro lote de pistas (ou o mesmo que este ano) onde poder regar outro pouco de piche e tirar unhas poucas gravas miúdas.

Consideramos unha “fraude política”, agochar detrás dun plan de investimentos multitude de pequenos arranxos e conservación das pistas municipais.

Mentres sigan por este camiño, nos seguiremos denunciando a situación, e por suposto, votando en contra.”

O señor alcalde di que, según o persoal da Deputación o plan complementario si existirá e que os concellos percibirán, como mínimo, o mesmo que o ano anterior.

O señor Canabal di que según a literalidade das bases, o plan complementario si é de reserva.

Segue dicindo o señor Canabal que moitas obras non son investimentos e que algunhas das pistas incluídas xa se repararon hai tres anos, por isto o seu grupo supervisará estas obras.

O señor Sanjuás, en canto a obra de Loureda, di que con anterioridade o que se fixo foi ancheada e o señor Canabal di que se tiran os cartos sempre sobre as mesmas pistas.

Responde o señor Sanjuás que haberá que arranxar as que se atopan en malas condicións.

Sen máis, cos votos a favor do PP e en contra de Veciñ@s de Boqueixón, acórdase:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2017”, “achega provincial 2016” e “préstamo provincial 2017”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00
Subtotal pago a provedores	0,00

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	160.000,00
Subtotal gasto corrente	160.000,00

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Camiño Deseiro de Arriba á Susana e outros	78.182,44	0,00	78.182,44
Camiño de Rodiño Pequeno a Senande e outros	55.242,60	0,00	55.242,60
Subtotal investimentos achega provincial 2017	133.425,04	0,00	133.425,04

ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Camiño de Ledesma a Codeso e outros	86.738,60	0,00	86.738,60
Camiño interior en Ardesende e outro	93.830,66	0,00	93.830,66
Subtotal investimentos achega provincial 2016	180.569,26	0,00	180.569,26

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos préstamo provincial 2017	0,00	0,00	0,00

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos No POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:

Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017)	Deputación
Subtotal redacción proxectos	0,00

E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	0,00
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	0,00
Subtotal achegas municipais	0,00

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2017” aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0,00

G.) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2016	0,00	0,00	0,00
	Achega 2017	0,00	0,00	0,00
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2017	160.000,00	0,00	160.000,00
C- INVESTIMENTOS	Achega 2017	133.425,04	0,00	133.245,04
	Achega 2016	180.569,26	0,00	180.569,26
	Préstamo 2017	0,00	0,00	0,00
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2017	0,00	0,00	0,00
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017	0,00	0,00	0,00
	Achega 2016	0,00	0,00	0,00
F- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2017	0,00	0,00	0,00
T O T A L	Achega 2017	293.425,04	0,00	293.425,04
	Achega 2016	180.569,26	0,00	180.569,26
	Préstamo 2017	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	473.994,3	0,00	473.994,3

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Camiño campo de fútbol de Lestedo a enlace camiño en aglomerado	75.528,91
Camiño cruce de Vigo a Melón de abaixo	58.092,34
TOTAIS	133.621,25

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

4.Recoñecemento extraxudicial de facturas

Dase conta das facturas do ano 2016, do alumeado público cuxo importe ascende a 65.872,03 €, para a súa aprobación e aboamento concargo ao presuposto 2017.

O señor Canabal di o seguinte: “ saben o que sempre dicimos nestes plenos. Por todo isto remítome ao dito nos últimos 7 anos en canto ao REC, que soe ser nos plenos de xaneiro, marzo, xullo (e os intermedios extraordinarios deste período) podendo chegar a recoñecer extraxudicialmente créditos nos meses de setembro.

Non imos a botar o mesmo “rosario” que todos os anos, aínda que me remita a el. O que si lle recordo, porque é unha tentación que teñen os distintos alcaldes, a xustificar un

recoñecemento extraxudicial de crédito, en que as facturas chegaron tarde. Non é iso, hai facturas que chegan no 2017 que se pagan con cargo a créditos do 2016. Neste caso o problema é que o crédito que tiñan no 2016 non foi suficiente para pagar os gastos de 2016. E saben, ou deberían saber, que non se poden comprometer gastos se non hai crédito.

Aínda que non nos remitamos ao dito todos os anos nos recoñecementos extraxudiciais de crédito, si que queremos actualizar os datos:

- Dende o ano 2000 o concello de Boqueixón recoñeceu extraxudicialmente **3.477.916,75 €** o que supón un promedio (2000 – 2016) de **213.157,43 €** movidos dun ano para o seguinte. É dicir, ilegalmente, e fóra dos orzamentos.
- No pasado ano 2016 este pleno aprobou por esta figura excepcional **275** facturas por un importe de **115.201,79 €**. No presente ano van (de momento) **82** facturas por importe de 67.397,88 € (todas elas de electricidade).

Deixamos o relatorio (de momento) dos recoñecementos extraxudiciais de crédito dende o ano 2000, simplemente para a súa incorporación á acta desta sesión.

ANO	REC
2000	51.086,03 €
2001	210.354,24 €
2002	276.465,57 €
2003	211.948,54 €
2004	471.508,78 €
2005	127.291,12 €
2006	223.040,71 €
2007	196.060,25 €
2008	748.239,16 €
2009	290.082,17 €
2010	131.816,17 €
2011	62.955,19 €
2012	95.765,04 €
2013	79.397,65 €
2014	119.306,46 €
2015	115.201,79 €
2016	67.397,88 €
Total	3.477.916,75 €
MEDIA	213.157,43 €

Obvio pois insistir que isto racha o principio de anualidade do propio orzamento, e que despois do dito nestes anos, fan recoñecementos extraxudiciais de crédito masivos a sabendas de que é un acto irregular e ilegal.”

O señor alcalde di que cando o goberno permita o gasto que se necesite facer o non exista o límite, poderase facer o aboamento que corresponda.

Di o señor Canabal que tan irregular é exceder o límite de gasto coma os recoñecementos extraxudiciais.

Cos votos a favor do PP e en contra de Veciñ@s de Boqueixón acórdase:

1. Aprobar e aboar con cargo as correspondentes partidas do presuposto de 2017, as seguintes facturas:

CHC Energía Udesa e Gres, importe total: 2.883,92 euros

Nº factura	Cups	Importe	Dirección do Suministro	Data emisión	Data facturación
1CSN170100244527	ES0111000009304046LB0F	136,08	Alum. Púb. Graxola-Codeso	14/01/17	28/10/16 a 29/12/16
1CSN170100244531	ES0111000009304058CT0F	371,13	Lugar Loureiro - Pousada	14/01/17	28/10/16 a 29/12/16
1CSN170100244540	ES0111000009305006SM0F	193,88	Lugar Donas	14/01/17	28/10/16 a 29/12/16
1CSN170100244565	ES0111000009313013HP0F	441,92	Lugar Camporrapado	14/01/17	31/10/16 a 30/12/16
1CSN170100286937	ES0111000009313064CJ0F	58,38	Lugar Devesa, s/n	16/01/17	31/10/16 a 30/12/16
1CSN161200116156	ES0221000001005034PR0F	406,25	Lugar Vila s/n	31/12/16	31/10/16 a 30/12/16
1CSN161200116146	ES0221000001006049YG0F	441,66	Lugar Igrexa – Ledesma	31/12/16	31/10/16 a 30/12/16
1CSN161200116147	ES0221000001005032FE0F	473,93	Lugar de Vilar s/n	31/12/16	31/10/16 a 30/12/16
1CSN161200116149	ES0221000001007055AK0F	360,69	Lugar de Ponteledesma	31/12/16	31/10/16 a 30/12/16

TOTAL 2.883,92 €

Facturas enerxía eléctrica da ETAP de Orto e bombeo de Donas, por importe de 48.548,13 euros

Nº de Factura	CUPS	Importe	Lugar Suministro	Dat. Emisión	Data Facturación
FE17321223611979	ES0022000008102138Yf1P	7.787,21	Depuradora de Orto - 9923	23/01/2017	01/09/16 a 30/09/16
FE17321223611981	ES0022000008102138Yf1P	7.811,82	Depuradora de Orto - 9923	23/01/2017	01/10/16 a 31/10/16
FE17321223611982	ES0022000008102138Yf1P	7.346,94	Depuradora de Orto - 9923	23/01/2017	01/11/16 a 30/11/16
FE17321223611985	ES0022000008102138Yf1P	8.386,76	Depuradora de Orto - 9923	23/01/2017	01/12/16 a 31/12/16
FE17321223611976	ES0022000008102138Yf1P	13.096,39	Depuradora de Orto - 9923	23/01/2017	01/08/16 a 31/08/16
FE16321221677907	ES0111000009031051HA	2.569,60	Depuradora Donas	27/12/2016	02/11/16 a 01/12/16
FE17321223840416	ES0111000009031051HA	1.549,41	Depuradora Donas	25/01/2017	02/12/16 a 01/01/17
	Total	48.548,13			

Facturas Gas Natural Servicios SDG, SA, por importe de 7.498,90 euros

Nº de Factura	CUPS	Importe	Lugar Suministro	Dat. Emisión	Data Facturación
FE16321219342537	ES0022000007164583ER1P	970,88	Colexio do Forte, 9031. Forte	05/12/2016	29/10/16 a 29/11/16

FE16321219342536	ES0022000007831162TV1P	492,42	Instituto do Forte, 9022 - Forte.	05/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
FE16321219488388	ES0022000007586591QM1P	481,52	Alum. Púb. Igrexa, 9707 - Sergude.	06/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
FE16321221083935	ES0022000009030777QK0P	452,81	Lg. Deseiro de Arriba, 8037 A.Púb.	21/12/2016	28/09/16 a 29/11/16
FE16321219342538	ES0022000008842233FP1P	698,45	Campo de Fútbol, - Forte 9050	05/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
FE16321221818022	ES0022000008842233FP1P	517,11	Campo de Fútbol, - Forte 9050	28/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
FE16321222712105	ES0022000008885441EE1P	286,59	Forte, 9090 - Ximnasio	11/01/2017	26/10/16 a 09/12/16
FE16321222391623	ES0022000007831162TV1P	339,27	Instituto do Forte, 9022 - Forte.	05/01/2017	30/11/16 a 21/12/16
FE16321222391626	ES0022000007164583ER1P	702,27	Colexio do Forte, 9031. Forte	05/01/2017	30/11/16 a 21/12/16
FE16321222391627	ES0022000007031520DQ1P	351,32	Lg. Cachosenande, 9604 Polidep.	05/01/2017	28/10/16 a 23/12/16
FE16321222391622	ES0022000007586591QM1P	315,30	Alum. Púb. Igrexa, 9707 - Sergude.	05/01/2017	30/11/16 a 21/12/16
FE16321222391624	ES0022000007164015CP1P	1.090,15	Concello/Xulgado do Forte, 9027.	05/01/2017	26/10/16 a 22/12/16
FE16321222391620	ES0022000004357733TW1P	581,18	Camp.da Festa, 0164 Vilar - Lestedo	05/01/2017	27/10/16 a 23/12/16
FE16321222391621	ES0022000007575350XB1P	219,63	Cent. de Saúde, 9164 Vilar - Lestedo	05/01/2017	27/10/16 a 23/12/16
	Total	7.498,90			

Facturas Gas Natural S.U.R SDG, SA por importe de 6.941,08 euros

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar suministro</i>	<i>Data emisión</i>	<i>Data facturación</i>
16137009382801	ES0022000007021147HQ1P	129,35	Lg. Pumares, 9707 A.Público2	02/11/2016	28/04/16 a 27/10/16
16137009356750	ES0022000004975490HW1P	9,28	Lg. Vilar, 9704SF SEMA03	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009350733	ES0022000008964525BD1P	20,39	Lg. Aldea de Orto, 9700- Boqueixón	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009351789	ES0022000007372754XE1P	193,19	Lg. Ardilleiro Grande, 9920 - A.Púb.	02/11/2016	29/08/16 a 28/10/16
16137009359742	ES0022000004975486VK1P	199,46	Lg. Vilar, 9700 A.Público	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009353645	ES0022000007455163ME1P	142,54	Lg. Pazos, 9102 AP A.Público2	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009361539	ES0022000008876495WT1P	41,85	Lg. Vilar, 0005 A.Público	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009375189	ES0022000007021144HJ1P	107,80	Lg. Rodiño Pequeño, 9709 A.Púb.	02/11/2016	30/08/16 a 25/10/16
16137009379713	ES0022000004357716EP1P	74,75	Lg. Vilar, 0001	02/11/2016	01/09/16 a 26/10/16
16137009374395	ES0022000008622407VQ1P	91,34	Lg. Lestedo, 9001 A.Público	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009374744	ES0022000007662958RN1P	50,29	Lg. Carabán, 9915 - A.Púb.	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009377900	ES0022000008622400VD1P	252,99	Lg. Rodiño Pequeño, 9700 A.Púb.	02/11/2016	30/08/16 a 30/10/16
16137009377714	ES0022000007320548HA1P	407,32	Lg. Lamas, 6002 A.Público	02/11/2016	29/08/16 a 27/10/16
16137009378156	ES0022000007372764BD1P	231,99	Lg. Ardilleiro Pequeno,9921 A.Púb.	02/11/2016	29/08/16 a 28/10/16
16137009376236	ES0022000008895802JX1P	23,04	Bombeo de Noenlle 9010	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009381390	ES0022000007021267TK1P	149,93	Lg. Rubial, 9697 - A.Público	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009380830	ES0022000007107334QE1P	54,90	Lg. Rubio, 9796 A. Público	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009388221	ES0022000007249760ED1P	114,18	Lg. Reboredo, 9923 A. Púb.	02/11/2016	29/08/16 a 28/10/16

16137009386828	ES0022000007661637JW1P	121,67	Lg. Forte, 9032 A.Público	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009386830	ES0022000007320546HR1P	149,74	Lg. Lamas, 9001 A.Público	02/11/2016	28/09/16 a 27/10/16
16137009389289	ES0022000007249674HS1P	60,66	Lg. Orto, 9916 A.Público -	02/11/2016	29/08/16 a 28/10/16
16137009397756	ES0022000007249659HT1P	46,57	Lg. Carabán, 9914 - A.Púb.	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009405330	ES0022000007249769EH1P	89,13	Lg. Vilar, 9924 A.Público	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009366312	ES0022000007320556HB1P	230,77	Lg. Milleirós, 9087 A.Público	02/11/2016	29/08/16 a 28/10/16
16137009380878	ES0022000004975491HA1P	139,15	Lg. Rodiño Grande, 9706 A.Púb.	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009399534	ES0022000007320543VK1P	98,13	Lg. Vigo, 9000 A.Público	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009404404	ES0022000007249693LB1P	58,83	Lg. Ardilleiro Grande, 9919 - A.Púb.	02/11/2016	29/08/16 a 28/10/16
16137009407282	ES0022000007320549HG1P	181,62	Lg. Deseiro de Arriba, 9002 A.Púb.	02/11/2016	27/09/16 a 28/10/16
16137009415603	ES0022000007320544VE1P	53,16	Lg. Senande, 9000 A.Público	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009414776	ES0022000007373065RB1P	87,36	Lg. Vilaboa, 9998 - A.Público	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009632584	ES0022000007662959RJ1P	63,79	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Público	06/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009632261	ES0022000007661745VH1P	32,52	Lg. Gándara, 9701 A.Púb.	06/11/2016	29/09/16 a 29/10/16
16137009637592	ES0022000007251856KN1P	216,90	Lg. Igrexa (A), 8891 A.Público	06/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009644060	ES0022000007021143HN1P	205,06	Lg. O Burgo, 9710 Lamas A.Público	06/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009682299	ES0022000007021268TE1P	299,64	Lg. Gándara, 9700 A.Público	06/11/2016	27/09/16 a 28/10/16
16137009389812	ES0022000007320582LZ1P	89,39	Lg. Torre, 9000 A.Público	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009392664	ES0022000007253334QH1P	21,54	Lg. Igrexa (A), 9000 A.Público	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009383707	ES0022000007320555HX1P	23,32	Lg. Vilar, 9003 A.Público	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009685789	ES0022000007455157MQ1P	172,87	Lg. Pazos, 9101 AP A.Público1	06/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009393980	ES0022000007107337VW1P	121,29	Lg. Vilar, 9795 A.Público	02/11/2016	30/08/16 a 27/10/16
16137009599444	ES0022000007320580LN1P	224,50	Lg. Santabaia, 9000 A.Público	06/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009357112	ES0022000008964524BP1P	24,12	Lg. Moa, 9001 - LOCAL	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009358397	ES0022000007021150HL1P	176,96	Lg. Ramil, 9704 - A.Público	02/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009364594	ES0022000007455154MJ1P	253,27	Lg. Milleirós, 5100 ALPUB3	02/11/2016	29/08/16 a 28/10/16
16137009842665	ES0022000007561243HA1P	116,91	Lg. Espiñeira, 9909 A.Púb.	10/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009710722	ES0022000007249633QC1P	312,70	Lg. Xiadás, 9910 A.Público	07/11/2016	29/09/16 a 25/10/16
16137009585758	ES0022000007249666HF1P	105,43	Lg. Pena, 9915 - A.Público	06/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009843944	ES0022000007566337DZ1P	126,45	Lg. Casal, 9109 - A.Público	10/11/2016	28/09/16 a 28/10/16
16137009789323	ES0022000007164018CB1P	290,62	Lg. Forte, 9030 A.Público	09/11/2016	28/09/16 a 26/10/16
16137009715185	ES0022000007320551HY1P	133,80	Lg. Rodiño Grande, 9001 A.Púb.	08/11/2016	30/08/16 a 27/10/16
16137009715940	ES0022000007107338VA1P	318,62	Lg. Noenlle, 9795 A. Público1	08/11/2016	30/08/16 a 27/10/16
	TOTAL	6.941,08			

2. Comunicar este acordo a Tesourería para que proceda co seu aboamento.

5.Modificación da relación de postos de traballo

Na actual relación de postos de traballo do concello de Boqueixón, establécense as seguintes funcións do administrativo de secretaría:

“contratación de obras, servizos, padróns fiscais e rexistro”.

Por outro lado o administrativo da alcaldía, ten as funcións asignadas pola alcaldía e información ó público.

As funcións a desempeñar pola administrativa de secretaría increméntanse cada vez máis, tanto pola tramitación dos procedementos de contratación cada vez máis amplos e complicados coma por outras funcións de colaboración con outros departamentos.

Sen embargo as funcións da administrativa da alcaldía diminúen, por un lado pola tramitación electrónica dos expedientes e por outro porque os métodos de traballo desta alcaldía cambiaron e non é necesario dispoñer dunha secretaría da alcaldía.

Por outro lado, débese ter en conta que, precisamente a secretaria do alcalde, administrativa da Administración Xeral, é a encargada de recibir o correo que logo pasa ó encargado do rexistro.

Por isto e tendo en conta ademais, que cada vez máis o correo do concello recíbese electronicamente, propónse a modificación da RPT.

A continuación o señor Canabal di: “certamente sorprendeunos un pouco este punto. E foi por varios motivos:

- En primeiro lugar que se faga unha modificación da RPT xusto cando se aproban uns novos orzamentos.
- Segundo: Parece estraño que para a elaboración dunha modificación dunha RPT non se establezan os mesmos criterios que para a aprobación/modificación dos orzamentos.
- Terceiro: Resultounos estraño que o expediente de modificación da RPT non inclúa un ditame dos sindicatos representados no concello.
- Cuarto: Resulta estraño tamén que para o expediente de modificación non incluíra a aceptación do persoal “modificado”.

En base a isto, e facendo unha breve análise legislativa (dende o punto de vista administrativo), posto que o laboral entendemos que lle corresponde facelo aos traballadores e sindicatos, sacamos algunha conclusión que consideramos interesante, e que deixamos tamén a consideración dunha interpretación xurídica máis fundamentada que a que poidamos facer os concelleiros.

Obrigas para a modificación dunha RPT

PRIMEIRO: Entendemos que para o cambio dunha RPT esíxese o mesmo procedemento que para os orzamentos, ao ser un documento que está integrado nestes. Así o establece o artigo 126.3 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local “*A modificación das plantillas durante a vixencia do*

Orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación deste”.

SEGUNDO: A regulación actual atribúe a competencia para a aprobación da RPT e consecuentemente das súas modificacións ao concello constituído en Pleno, en virtude do previsto no artigo 22.2.i da LRBRL, sen que tal atribución poida ser obxecto de delegación (art. 22.4 LRBRL), e nos municipios de grande poboación á Xunta de Goberno Local (art. 127 LRBRL).

TERCEIRO: É importante ter en conta que é necesario, por aplicación analóxica do artigo 126.1 TRRL, o informe ou estudo do Xefe do Departamento de persoal (neste caso o Alcalde). Este deberá conter de forma precisa a ordenación do persoal que se propón, é dicir, deberá levarse a cabo unha descrición detallada dos postos, retribución, complementos, funcións, provisión e acceso.

CUARTO: Tras o informe do órgano tramitador, expónse a cuestión relativa á obrigatoriedade ou non da realización dun trámite de consulta ou negociación coa representación sindical antes de proceder á súa aprobación. Isto parece que o determina clara e taxativamente o artigo 37.2 do EBEP, aínda que este establece que as decisións das Administracións Públicas que afecten ás súas potestades de organización quedan excluídas da obrigatoriedade da negociación. Porén segue dicindo o artigo que *“cando as consecuencias das decisións das Administracións Públicas que afecten ás súas potestades de organización teñan repercusións sobre as condicións de traballo dos funcionarios públicos contempladas no apartado anterior, procederá a negociación de ditas condicións coas Organizacións Sindicais a que se refire este Estatuto.”* Á vista deste precepto, parece que non cabe dúbida ningunha da obrigatoriedade da negociación. Se ben a xurisprudencia foi oscilante, ao respecto, tras a entrada en vigor do EBEP, a obrigatoriedade parece clara. A sentenza do supremo EDJ 2011/6773 deixao tallantemente claro.

QUINTO: O seguinte trámite, acadado o acordo coa representación sindical ou intentado pola Administración sen conseqüilo, constitúeo o informe coa proposta de acordo elaborado polo departamento de persoal (aquí o propio Alcalde) de acordo co artigo 175 do ROF. Este informe basearase no informe/estudo inicial do Xefe de Persoal, podendo coincidir plenamente con el ou ben terse introducido modificación polas negociacións sindicais.

SEXTO: Para a súa aprobación é necesaria a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, non sendo esixible o informe da Secretaría e intervención, e sendo suficiente o informe do departamento de persoal.

SÉTIMO: Tampouco parece esixible o trámite de audiencia aos interesados dada a natureza da RPT de instrumento de carácter técnico dirixido á racionalización das estruturas administrativas.(Isto si que parece sorprendente).

OITAVO: Ao considerarse un acto administrativo surtirá efectos dende a súa aprobación, se ben se esixe a súa publicación, non como requisito de eficacia, senón para que poidan ser coñecidas polos interesados.

É así, que con independencia de se procede ou non o cambio de funcións da RPT (cousa que os concelleiros poderemos analizar das actas que nos pasen da comisión negociadora), o documento que hoxe traen ao pleno carece de todos os formalismos necesarios posto que:

- No orzamento facilitado aos concelleiros para a comisión de contas non aparece o cambio de funcións do persoal, vulnerándose claramente o procedemento administrativo de modificación dunha RPT. (Informe da Comisión especial de contas e aprobación en Pleno).
- No expediente de modificación non aparecen as actas da comisión negociadora, obrigatorias a tenor do artigo 37 do EBEP e tendo en conta a numerosa xurisprudencia ao respecto.

É por iso polo que o grupo de Veciñ@s solicita a retirada deste punto da orde do día e que se proceda a realizar os trámites necesarios para a modificación da RPT. Do contrario verémonos na obriga de impugnar este acordo.

Neste punto di a secretaria que do rexistro débese encargar un/unha funcionario/a, e que a funcionaria que reflicte a RPT como encargada do rexistro, ten unha carga de traballo moi elevada, posto que nese departamento lévase a contratación, revisión de facturas e, como administrativa de secretaría (tal como reflicte a RPT) outras moitas funcións asignadas por secretaría.

Por isto e tendo en conta que a administrativa da Administración Xeral á que se lle propón asignar o rexistro, ten escasas funcións a desempeñar, é polo que se modifica a RPT para asignarlle esta función.

Segue dicindo a secretaria que si se seguen os mesmos trámites que na aprobación do presuposto, que son: aprobación do pleno por maioría simple, exposición pública e se non hai reclamacións considerarase definitivamente aprobada.

*(En canto á negociación das condicións de traballo o artigo 37 do RDL 5/2015 polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, indica as materias obxecto de negociación no apartado 1, e as **materias excluídas** da obrigatoriedade de negociación no apartado 2, entre os que inclúe as decisións das Administracións que afecten as súas potestades de organización e sempre que non afecten ás retribucións e demais condicións establecidas no apartado 1.*

No artigo 73.2 establece que as Administracións poden asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao seu posto, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grado ou categoría, cando as necesidades do servizo o xustifican sen merma nas súas retribucións.

No artigo 74 establécese que as administracións estruturarán a súa organización a través das relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos: a denominación do posto, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias.)

Neste caso, por un lado, non se produce variación das retribucións e por outro asígnaselle a unha traballadora unhas funcións adecuadas a súa clasificación, corpo ou escala, posto que se trata dunha función da administración xeral que se lle asigna a unha administrativa da administración xeral e debido a que á administrativa que actualmente

ten asignada esta función de rexistro, incrementáronse notablemente as súas propias funcións relacionadas coa contratación, facturas e demais expedientes que no citado departamento se tramitan. Sen embargo, o posto ao que se lle asigna o rexistro, actualmente non ten funcións asignadas na actual relación de postos de traballo, salvo as que lle asigne o alcalde e atender ao público.

Actualmente a atención ao público, nos casos en que así proceda, efectúase directamente pola alcaldía ou ben segundo os casos, polo persoal de cada departamento.

Reitera o señor alcalde que na RPT se reflicte que ao posto en cuestión lle corresponden as funcións que a alcaldía lle encomende, e ademais, segue dicindo o señor alcalde, que no rexistro débese ter outra persoa que se encargue do mesmo.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra de Veciñ@s de Boqueixón acórdase:

1. Modificar a relación de postos de traballo (RPT), no senso de atribuír as funcións do rexistro público á administrativa da Administración Xeral, que na actual RPT reflíctese como administrativa da alcaldía.

2. Publicar esta modificación no BOP, no taboleiro de edictos e na páxina web durante 15 días e considerala definitivamente aprobada se durante o dito prazo non se presentan reclamacións.

6.Aprobación do orzamento 2017

Dáse conta que na Comisión de Contas que tivo lugar o 6 de febreiro do 2017 e cos votos a favor do P.P e en contra do grupo Veciño@Boqueixón informouse favorablemente o presuposto xeral 2017 que ascende tanto en ingresos como en gastos a 3.256.142,44 €.

A continuación o señor Canabal di: “Posto que xa fixemos unha exposición descriptiva dos orzamentos na Comisión de Contas do pasado luns, non imos repetir esta, remitindo aos concelleiros á acta relativa, onde poden ver a análise feita e que tenta completar a memoria da alcaldía incluída nestes orzamentos.

Recoñecer que si valoramos positivamente os cambios realizados no orzamento froito da Comisión do pasado luns. Debe ser das poucas veces que esta comisión serve para intercambiar impresións e opinións, que houbo un debate sereno, e que algunhas das cousas comentadas foron tidas en conta.

Mais os cambios realizados non son suficientes.

Deixar claro que o Grupo Municipal de Veciñ@s non argumenta o seu posicionamento político na descrición das distintas áreas, programas e partidas, en que haxa que incrementar máis unha partida ou baixar outras.

O posicionamento político ten que ver co que gardan os números a grandes trazos, coas políticas que se agochan nestes datos económicos que non son neutrais. Non son inocentes.

Estes números agochan as políticas a desenvolver ao longo do ano, e agochan ou describen as políticas erróneas, ineficientes e incoherentes dos últimos anos. Despréndense dos orzamentos case que todas as políticas a implementar e neles tamén está o cariz “ideolóxico” de quen os elabora e aproba.

Dicíamos o pasado luns que tiñamos a sensación de que os orzamentos viñan a ser algo así como tautoloxías bíblicas, é dicir, de verdades reveladas que non se poden modificar, ou dito á inversa, que as modificacións que a estes se lle poidan facer sería unha das pragas bíblicas de Exipto, en versión 2.0, e dirixidas neste caso ao Concello de Boqueixón.

Dáa sensación de que os orzamentos son algo así como as táboas de Moisés reveladas por un ser divino e que revelan a única e verdadeira opción posible.

COMPARATIVA DOS INGRESOS COA LIQUIDACIÓN 2015.

A pesares de que non facemos unha análise comparativa dos orzamentos, posto que como xa dixemos aparece na Comisión de Contas do pasado luns, o que si que reiteramos neste pleno é a comparativa da previsión de ingresos do 2017 en relación ao efectivamente liquidado no último exercicio pechado, isto é, o 2015. E reiteramos o xa dito, posto que isto ten unha importancia no apartado das implicacións políticas que explicaremos a continuación.

Para facer esta comparativa, baixamos ata o nivel de concepto:

- **112 IBI Rústica:** Prevese un descenso do 41,19% respecto á liquidación de 2015; podemos aceptala por precaución, posto que este imposto foi modificado á baixa; porén, parécenos que o ingreso real vai ser superior ao que se prevé calcular.
- **113 IBI Urbana:** Prevese unha redución do 17,33% respecto ao efectivamente recadado no 2015, pese a que o incremento do 10% no ano 2015, outro 10% no ano 2016 e un 3% no ano 2017. Polo tanto, esta previsión non se sostén.
- **114 IBI CE:** Prevese un descenso do 53,48% en relación ao recadado no 2015.
- **115 IVTM:** Prevese un descenso do 16,93% pese a non haber ningunha razón.
- **116 IIVTNU:** Prevese un descenso do 62,05%. Esta é unha cantidade incerta e difícil de prever.
- **130 IAE:** O descenso é do 34,03%, e salvo que haxa unha baixa moi considerable nas empresas, a recadación debera ser parella.
- **290 ICIO:** Prevese un incremento do 102,41% do recadado no 2015. Tamén é unha cantidade incerta e difícil a súa previsión.
- **300 Abastecemento de Auga:** É unha novidade froito da municipalización do servizo de abastecemento. Neste caso é necesario facer unha análise co avance da recadación de 2016, cousa que cos datos que nos foron aportados é imposible.
- **301 Servizos de saneamento:** Desaparece. A única recadación é o canon.

- **302 Recollida do lixo:** Neste caso prevese un ingreso un 11,24% inferior ao realmente recadado no 2015, cando non existe ningunha causa que poida facernos pensar unha menor recadación.

A partires de aquí, o grupo 3 é difícil de comparar. Aínda que na liquidación do 2015 si aparecen todos os datos desglosados por partidas, temos que dicir que houbo modificación nas mesmas, sobre de todo na nomenclatura, habendo pois dificultade para analízalas unha por unha como se fixo ata aquí. Mais si queremos sinalar algunha das partidas que nos chama moito a atención:

- **Desaparece a partida 342.00 Prezos Escola Infantil.** Supoñemos que estes prezos irán agora en servizos educativos, máis despistan un pouco as cantidades. Explicámonos. No ano 2015 recadáronse en prezos da Escola Infantil 52.470,51. Porén, neste 2017, prevese ingresos totais nos Servizos Educativos de 20.000 €. A que se debe esta diferenza?
- Nas **taxas por aproveitamento de Voo**, recadáronse no 2015 43.359,99 €, prevéndose neste 2017 recadar tan só 15.270,44 €.
- **Na partida 399, de outros ingresos** a redución do previsto no 2017 en comparación co recadado no 2015 é dun 66,33% inferior, non explicándose tampouco a que se debe esta previsible diminución.

Aparte do ata aquí dito, dicir tamén que as taxas manteñen un gran potencial recadatorio e non se dubida en gravar toda actividade municipal, o que vén sendo un repagamento por parte dos cidadáns (axuda a domicilio cunha taxa regresiva e inxusta; as taxas da Escola Infantil, auga e saneamento, prezos públicos ás actividades municipais deportivas e culturais, con independencia da cofinanciación por outras administracións.

É dicir, nos últimos anos atoparon nestas figuras impositivas (taxas e prezos públicos) unha auténtica mina de ouro, que permiten agochar as vergoñas dunha xestión máis que deficiente na prestación destes servizos.

- **420 PIE:** Tamén neste concepto sorprende a excesiva prudencia. Recadáronse no 2015 681.800,01 €. Nunha economía en crecemento (como vostedes presumen) fan unha previsión por este concepto non análoga á de hai dous anos, senón case un 20% inferior.
- **450 Transferencias correntes da administración xeral da Comunidade Autónoma:** Neste caso o orzamentado é máis de 150.000 € menor que o recadado no 2015.
- **461 Transferencias correntes da Deputación Provincial:** Neste caso mantense máis ou menos o recadado no 2015 (-4,12%).
- **521 Xuros de depósitos:** Neste caso aínda habendo unha diferenza porcentual importante (-25,89%), o montante total é tan só de 600 € inferiores ao realmente recadado no 2015.
- **750 Transferencias de Capital da CCAA:** Soben en relación á liquidación do ano 2015.
- **761 Transferencias de Capital da Deputación:** Establécese un incremento do 13,98% respecto ao 2015. Neste concepto está incluído basicamente o PAS e o POS da Deputación, sen saber se este ano irá algunha parte deste POS a financiar os gastos correntes.

Poden pois ver que estas previsións non se sosteñen.

Mais teñen unha explicación, e esta está no marco desa lexislación perversa mantida polo Ministerio nos últimos anos. Mais este marco teórico non é divino. Ten un responsable. O PP. Partido que sustenta o equipo de goberno, ata onde nós sabemos.

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

Facendo unha análise dos datos de estabilidade orzamentaria, podemos concluír a pouca capacidade de manobra da que conta o concello, aínda que esta si sube en relación aos dous últimos exercicios (Aumenta a capacidade de financiamento).

Mais a pesares disto, seguimos a ver un concello fortemente amarrado polos seus gastos correntes (irracional política de persoal nos últimos anos, externalización de servizos públicos e gastos financeiros elevados), xunto cunha redución das transferencias correntes e de capital doutras administracións públicas, obrigaron aos incrementos na presión fiscal nos últimos anos que se manteñen no presente exercicio; e todo isto é reflexo desa escasa marxe de manobra do Concello para implementar calquera política pública.

O aforro neto previsible, aínda que positivo, redúcese considerablemente ata case a súa desaparición (2.790,87 €), cando no exercicio pasado era de 31.000 € e 113.302,44 € os liquidados en 2014.

POLÍTICA DE INVESTIMENTOS.

No **capítulo 6** temos un reducido **8,61%** de incremento, aínda que coas seguintes eivas:

- O monto total do capítulo ascende a 646.270,44 €.
- O Concello só financia cos seus recursos propios o 6% do Investimento. O 94% restante financia a Xunta e a Deputación.
- Isto amósanos unha reducida capacidade do Concello de Boqueixón para implementar investimentos.
- Tal e como se dixo na aprobación do Plan Único da Deputación, estes non poden considerarse investimentos, senón gastos correntes, posto que as “seudo – obras” son obras menores de mantemento e conservación de vías existentes.

PRÉSTAMOS.

En canto ao capítulo 9 de Pasivos Financeiros, tal e como se sinala na memoria da Alcaldía, estes desaparecen motivado pola carencia aínda vixente dos préstamos da Deputación.

Isto non significa ausencia de débeda, posto que esta ascende a **384.787,03 €**, que terán que ser amortizados en vindeiros anos, tal e como aparece recollido no informe económico – financeiro.

AS CINCO IDEAS XERAIS QUE HIPOTECAN O FUTURO DE BOQUEIXÓN

Destacamos cinco ideas xerais que hipotecan o futuro do noso concello, e que aparecen claramente recollidas nas cifras do presente orzamento:

- **Primeira:** Os orzamentos seguen equilibrándose, polo incremento da presión fiscal efectuada nos últimos anos. Incremento nos impostos directos (IBI e IVTM fundamentalmente), ademais do incremento acumulado das Taxas e outros prezos públicos.
- **Segunda:** Parellamente ao incremento da presión fiscal, as transferencias doutras administracións están en valores moito máis baixos que os de 2011, non recuperándose aínda no presente exercicio. Non hai máis que ver as liquidacións dos anos 2009 e 2010 para ver que estas caen a menos da metade
- **Terceira:** Seguen a manterse as extremadamente caras externalizacións de servizos públicos. A remunicipalización do servizo de abastecemento parece un istmo no medio da xestión xeral. Seguen sen acometerse outras remunicipalizacións que levamos demandando dende xa hai demasiados anos.
- **Cuarta:** Cada vez este concello conta con menos marxe de manobra para a elaboración dos seus orzamentos, polas políticas de gastos xeradas nos últimos anos e que se manteñen no presente. Deste xeito o aforro neto baixa ano tras ano, deixando unha marxe de manobra moi baixa (Os investimentos están financiados nun 6% con recursos propios e nun 94% con fondos doutras administracións).
- **Quinta:** As políticas austericidas impostas polo Ministro Montoro (principalmente a Regra de Gasto), deixa sen marxe de gasto aos concellos, ata o punto de que é posible que exista un amplo remanente do orzamento (Superávit e remanente de tesouraría), e que non se poidan atender necesidades básicas dos nosos veciños.

Son as cinco ideas fundamentais para oporse a estes orzamentos.

Tiramos como conclusións e xustificación do noso voto negativo a estes orzamentos, parellamente o mesmo que vimos dicindo nos últimos anos:

- Unha política de persoal claramente caótica, e que compromete a elaboración de todos os orzamentos (Parece que cada ano contamos con máis adeptos a esta aseveración).
- Unha política de investimentos escasa e deslavazada, dependente exclusivamente das escasas transferencias doutras administracións.
- Unha política de externalización de servizos públicos xeralizada que nos leva a uns servizos públicos caros que teñen que pagar os veciños.
- Incremento da presión fiscal sen ter en conta a capacidade económica das familias. Nos últimos catro anos a presión fiscal dos veciños de Boqueixón viuse fortemente incrementada sen que os servizos que se prestan incrementaran a súa calidade. Os aumentos responden pois ás deficientes políticas de externalización de servizos que se levaron a cabo así como polos recortes doutras administracións públicas. É dicir, a redución das transferencias doutras administracións nos últimos anos deixa aos concellos sen marxe e dependentes para poder abrir as súas portas, de incrementar a presión fiscal aos nosos veciños.

- Un aforro neto (que é unha medida da marxe de manobra do concello) que se reduce ano a ano ata deixarnos unha situación no que os recursos deste concello non dean para pagar os seus propios custos de estrutura.

E esta escasa marxe de manobra, tradúcese no seguinte:

- Inexistencia de servizos “completos” de conciliación: madrugadores, biblioteca, oiotecas...
- Escasa marxe para a dotación de servizos complementarios de envellecemento e dependencia: Centro de día, actividades para maiores...
- Inexistencia da política de fomento asociativo (non control asociativo).
- Inexistencia de políticas de fomento empresarial, apoio aos sectores produtivos estratéxicos, etc.
- Ineficiente política turística se descontamos a festa da filloa. (Pode parecer que exista vontade por parte do goberno, mais non se dota economicamente esta política turística; a política turística non pode consistir tan só no facebook).
- Inexistencia de coordinación cos concellos da Comarca para a posta en valor e realización de múltiples actividades.

Parellamente a isto, e tal e como dicíamos nunha das ideas xerais, o marco legislativo onde se elaboran estes orzamentos é á súa vez tamén adverso. É dicir, a regra de gasto, a lei de estabilidade orzamentaria e todas e cada unha das disposicións que nos últimos anos saíron do Ministerio de Facenda vulneran claramente o “Principio de Autonomía Municipal”, que aínda recoñecida na “sacrosanta” constitución, é vulnerado de facto, o que dificulta aínda máis que o concello, como primeira administración do cidadán (a máis cercana), atenda ás súas necesidades. Leis ditadas contra da constitución, e contra dos concellos pequenos que se ven na obriga de deixar de atender necesidades básicas dos cidadáns.

E non é unha invención nin unha ocorrencia de Veciñ@s o que estamos dicindo.

É posible, coa lexislación na man, que este orzamento teña superávit final e que porén queden sen atender necesidades básicas como a atención á dependencia, emerxencia social ou outras que deba ou poida prestar o concello... e que aínda tendo recursos e non recorrendo a débeda, non pode prestala por non incumplir a regra de gasto.

Absurdo?

Nós cremos que si e mentres vemos que vostedes ou están de acordo, ou se resisten a cando menos tentar cambiar o marco legislativo.

Ao final os orzamentos non serven pois para facilitar a vida dos veciños e para unha promoción en materias básicas que permitan cubrir as necesidades dos nosos veciños e permitan asemade asentar novos veciños no concello. Uns orzamentos que:

- Incentiven actividades empresariais mediante axudas directas ao emprendemento, aos autónomos, políticas de favorecemento de chan industrial...
- Desenvolvan medidas de conciliación familiar como o establecemento dun centro de día, conciliación escolar.
- Desevolvan medidas que favorezan o peche de ciclos de produción do sector agrogandeiro mediante o traballo en equipo con cooperativas, SAT’S...
- Desenvolvan medidas de reforestación que permitan explotar dun xeito racional o noso monte.

- Desenvolvan as potencialidades turísticas que Boqueixón, ao ser un concello da contorna de Santiago (axudas ao desenvolvemento na promoción turística relacionada co camiño de Santiago, promoción gastronómica, hoteleira, promoción de actividades de lecer, de promoción cultural e histórica).
- Desevolvan políticas activas de vivenda para que a mocidade poida establecer o seu proxecto de vida en Boqueixón

En fin, solicitamos e defendemos uns orzamentos que sirvan para algo máis que para uns regos con piche, un pouco de zavorra, e un par de lámpadas de alumado público. Uns orzamentos que vaian un pouco máis aló que de permitir manter as instalacións municipais abertas.

Creo que nos merecemos algo máis. E non os concelleiros de Veciñ@s; cremos que se merecen algo máis a veciñanza deste concello.

Dicíao ao finalizar o outro día a Comisión que teremos que pedir ao último que apague a luz, e vin que o Alcalde ficaba un pouco sorprendido.

Pode ser unha esaxeración.

Mais debe ser unha preocupación para quen nos sentamos aquí, que ano a ano perdamos poboación; temos que alertarnos cando vemos como a maioría da nosa mocidade teñen que emigrar ou teñen que desprazarse a concellos limítrofes, posto que lle é moi difícil permanecer onde naceron ao carecer das mínimas posibilidades de vida. Se non reaximos, non acabaremos absorvidos. Acabaremos mortos por inanición.”

O señor Sanjuás di que os veciños de Boqueixón poden estar tranquilos porque se están facendo ben as cousas e isto parece que o saben pois nas eleccións é donde se ve o apoio.

O señor Canabal di que malo si se acepta o presuposto polo apoio electoral, aínda que reconece que o marco legislativo actual permite facer pouco.

O señor alcalde di que si se están facendo as cousas, cita a ocioteca, ludoteca, actividades para maiores, etc...

Por outro lado, segue dicindo o señor alcalde, tratamos de facilitar ás empresas para que se poñan en funcionamento, non entorpecemos.

Tamén se está colaborando con varios concellos, para que o turismo funcione.

Hai programas varios para a “Festa da Filloa”, no Pico Sacro, para o Xacobeo, etc..., Estamos facendo promoción do turismo en Boqueixón e no verán seguro que se notará.

A nivel da xuventude, estase actuando con Vila de Cruces e Vedra facendo actividades varias para mocidade, como viaxes a países de Europa e aprender idiomas.

Si se fan varias actividades, aínda que no seu grupo non se enteren.

Responde o señor Canabal que se eles concelleiros non se enteran, isto é perigoso.

A concelleira Ana Seijo, di que todas estas actividades saen publicadas na revista.

Responde o señor Canabal que non len esa revista, e segue dicindo que hai que ser imaxinativos.

Pregunta o señor Canabal, canta xente do obradoiro de emprego encontra traballo.

O señor González Barral di que neste momento, para montar unha empresa hai que ter coraxe, ao que responde o señor Canabal que tamén é certo.

O señor alcalde, pon o exemplo do polígono de Sergude que podería estar funcionando e sen embargo leva case 20 anos sen facerse nada.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra de Veciñ@s de Boqueixón acórdase:

1. Aprobar o presuposto xeral para o ano 2017 do que do seu estado de gastos e ingresos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Denominación	Euros
A/ Operacións Correntes		
1	Gastos de persoal	1.279.694,00 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.290.275,00 €
3	Gastos Financeiros	
4	Transferencias Correntes	36.903,00 €
	Total.....	2.606.872,00 €
B/ Operacións de Capital		
6	Inversións Reais	646.270,44 €
7	Transferencias de capital	
8	Activos Financeiros	3.000,00 €
9	Pasivos Financeiros	
	Total.....	649.270,44 €

TOTAL PRESUPOSTO DE GASTOS	3.256.142,44 €
-----------------------------------	-----------------------

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Denominación	Euros
A/ Operacións Correntes		
1	Impostos directos	790.000,00 €
2	Impostos indirectos	35.000,00 €
3	Taxas, prezos públicos e outros	370.270,44 €
4	Transferencias correntes	1.450.872,00 €
5	Ingresos patrimoniais	2.000,00 €
Total.....		2.648.142,44 €
B/ Operacións de Capital		
6	Alleamento de inversións reais	
7	Transferencias de capital	605.000,00 €
8	Activos financeiros	3.000,00 €
9	Pasivos financeiros	
Total.....		608.000,00 €
TOTAL PRESUPOSTO DE INGRESOS		3.256.142,44 €

2. Aprobar as bases de execución do presuposto xeral ano 2017

3. Aprobar o cadro de persoal que a continuación se transcribe:

CADRO DE PERSOAL 2017				
Núm. Efectivos	Denominación	Subgrupo	C.D	Situación
HABILITACIÓN NACIONAL				
1	Secretaría-Intervención	A-1	28	Propiedade
ADMINISTRACIÓN XERAL				
1	Administrativo	C-1	22	Vacante
4	Administrativos/as	C-1	22	Propiedade
3	Auxiliares	C-2	18	Propiedade
ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
1	Facultativo de bibliotecas e arquivo	A-1	26	Propiedade
1	Psicólogo	A-1	26	Propiedade
1	Técnico Formación Ocupacional	A-2	26	Propiedade
1	Traballadora Social	A-2	25	Ocupada interinamente
1	Técnico Auxiliar de Urbanismo	C-1	22	Propiedade
1	Capataz de obras	A.P	14	Propiedade
LABORAL FIXO				
1	Monitor Deportivo	C-2		Propiedade
1	Conserxe	A.P.		Propiedade
1	Condutor recolleedor do lixo	C-2		Propiedade
3	1 Capataz de serv. e 2 oficiais serv.	C-2		Propiedade
2	Operarias de limpeza	A.P.		Propiedade
LABORAL TEMPORAL				
5	Operarios			
1	Operario abastecemento			
1	Dinamizador social			
1	Operario de limpeza			
1	Educadora Familiar			
1	Conserxe			
6	Traballadoras da Escola Infantil			

1	Secretaría xulgado de paz			
1	Psicóloga CIM			
1	Técnico Orientación laboral			
1	Auxiliar servizos sociais			
1	Axente desenvolv. local			
1	Directora CIM			
2	Socorrista			
PERSOAL DE GOBERNO				
1	Alcalde			Dedicación exclusiva
1	Tenencia-alcaldía			Dedicación exclusiva

7.Dar conta do informe de morosidade ano 2016

Dase conta do seguinte informe de morosidade do exercicio 2016, do cal se da por enterados:

A) Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigacións.

“I.- NORMATIVA APLICABLE

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro. .
- RDL 2/2004, de 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- RDL 3/2011, de 14 de novembro, texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público

II.- CONSIDERACIÓNS

En aplicación do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º.3 e 5º.4, canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pago das obrigacións, que se concretan no art.1º.3 e o art. 3º.3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítase o presente informe:

O prazo ao que se refire o art. 4º.3 da Lei 15/2010 é o establecido no art. 3º.3 da devandita lei que engade a disposición transitoria 8ª á Lei de Contratos do Sector Público, determinando que, a partir do 1 de xaneiro de 2013 o prazo será de 30 días.

Que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2016 obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagados no ano 2016:

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	620	141
Importe total	795.824,74 €	24.799,89 €

Que respecto da información relativa ao número e importe de obrigacións pendentes nas que se está incumprindo o prazo de pago legalmente establecido resúmese nos cadros seguintes:

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do ano 2016 (art. 4º.3 Lei 15/2010)

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	27	4
Importe total	18.696,39 €	3.982,78 €

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do ano, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación (art. 5º.4 Lei 15/2010):

Número de operacións: 0

Importe total: 0

A relación das facturas ou documentos xustificativos que ao final do exercicio indicado atópanse nesta situación, acompáñase como anexo a este informe.

III.- CONCLUSIÓN

É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:

- Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.
- Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010.

Boqueixón, 1 de febreiro do 2017

Administrativo/ Tesoureiro,

Interventora”.

B) Detalle de pagos realizados e pendentes de pago da entidade .

Pagos realizados no exercicio	Período medio pago (PMP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos realizados no exercicio			
			Dentro período legal pago		Fóra período legal pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total

Gastos en Bens Correntes e Servizos	23,18		547	455.140,49	141	24.799,89
20.-Arrendamentos e canons						
21.- Reparación mantemento e conservación	19,52		98	98.812,51	1	954,71
22.- Material subministro e outros	24,29		436	344.149,43	140	23.845,18
23.- Indemnización por razón do servizo	19,59		13	12.178,55		
24.- Gasto de publicacións	0					
26.- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro	0					
Inversións reais	17,75		72	340.644,65		
Outros pagos realizados por operacións comerciais	14,00		1	39,60		
Pendientes de aplicar a presuposto						
TOTAL pagos realizados no exercicio	20,93	0	620	795.824,74	141	24.799,89

Intereses de demora pagados no trimestre	Intereses de demora pagados no período	
	Número de pagos	Importe total intereses
Gastos correntes en bens e servizos		
Inversións reais		
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Sen desagregar		
Total	0	0,00

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do exercicio	Período medio do pendente de pago (PMPP) (días)	Período medio do pendente de pago excedido(PMPPE) (días)	Pendientes de pago a final do exercicio			
			Dentro período legal pago a final do exercicio		Fora período legal pago a final do exercicio	
			Número de operacións	Importe total	Número de operacións	Importe total
Gasto en bens correntes e	22,50		25	15.374,48	3	3.982,74

servizos						
20.- Arrendamentos e canons						
21.- Reparación mantemento e conservación	1,70		4	2.171,98		
22.- Material subministro e outros	25,23		20	13.137,17	3	3.982,74
23.- Indemnización por razón do servizo	0		1	65,33		
24.- Gasto de publicacións						
26.- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro						
Inversións reais	7,72		2	3.321,91		
Outros pagos pendentes por operacións comerciais	1.062,00				1	0,04
Operacións pendentes de aplicar ó presuposto						
TOTAL operacións pendentes pago final exercicio	20,34		27	18.696,39	4	3.982,78

Facturas o docum. xustificativos ao final do exercicio con máis de tres meses da súa anotación no rexistro de facturas, pendentes do recoñecemento da obriga (Art.5.4 Lei 15/2010)	Período medio operacións pendentes recoñecemento (PMOPR)	Pendentes de recoñecemento obrigas	
		Número	Importe total
Gastos correntes en bens e servizos	0	0	0,00
Inversións reais	0	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0,00
Total	0	0	0,00

Di o señor Canabal que o informe de morosidade, e aínda que non os comparei cos do pasado ano, da a impresión que hai unha maior “relaxación” no pago de facturas; é dicir, da a impresión de que hai máis facturas fóra do prazo regulamentario de pago.

Sen máis asuntos que tratar , o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria-interventora

Visto e prace
O alcalde